

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL,
TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS**

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de xuño de 2025**

Ás 16.35 horas do día 19 de xuño de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Emilio Luis Díaz Vidal

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 21 DE MAIO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de maio de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 21 de maio de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2025 (EXP. Nº 2025/16512V).-

Dª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de xullo, que se realizará o día 24 de xullo de 2024, ás 10.00 horas.

3.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AO CISPAC - CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO DAS PAISAXES ATLÁNTICAS CULTURAIS (EXP. Nº 2025/16720H).-

Dª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

D. Bernardo Varela López, do BNG, explica que logo de analizar a composición e función deste organismo estiman que pode ter interese para esta Deputación, xa que se compartiría espazo de debate e estudo coas tres universidades galegas e outras administracións, desenvolvendo o seu traballo na defensa da paisaxe e da cultura.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que o seu grupo está a favor desta adhesión e que consideran que ela é de interese para a Deputación e para a provincia.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense como membro do Consello de Transferencia do CISPAC.

2º. Designar como representante da Deputación ao deputado provincial delegado da Área de Medio ambiente e enerxía don José María Lago Cabo.

4.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A SUBSTITUCIÓN DA COMPRA DE PERIÓDICOS EN PAPEL POR SUBSCRICIÓN DIXITAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXP. Nº 2025/16659A).-

D. Antonio Fernández Martín, de Democracia Ourensana, expón o contido da seguinte moción:

A Deputación Provincial de Ourense, como institución pública, debe estar comprometida coa sustentabilidade, a eficiencia do gasto público e a modernización dos seus recursos. Neste sentido, propoñemos deixar de adquirir exemplares físicos de prensa diaria e proceder, se se considera, á subscrición dixital dos devanditos medios de comunicación.

Cada ano, tállanse millóns de árbores para producir papel destinado a prensa escrita. Segundo estimacións, a produción de 1,2 millóns de xornais diarios en España supón a talla de aproximadamente 13.000 árbores cada día, o que se traduce en case 5 millóns de árbores ao ano. A transición a formatos dixitais contribúe directamente á protección dos bosques, a redución de emisións contaminantes e o aforro enerxético.

Ademais, a prensa dixital ofrece claras vantaxes:

- Acceso inmediato e simultáneo desde distintos dispositivos.*
- Aforro económico a medio e longo prazo, ao eliminar custos de impresión e distribución.*
- Mellora da eficiencia e comodidade para o persoal da Deputación.*

- *Acceso a contidos ampliados e actualizados en tempo real.*

Por todo o exposto, propoñemos que no Pleno da Deputación Provincial de Ourense se adopte o seguinte acordo:

- 1. A Deputación Provincial de Ourense deixará de adquirir xornais en formato físico.*
- 2. Propoñerase a outros Concellos da provincia, considerar medidas similares que fomenten o consumo responsable de recursos e o uso de tecnoloxías máis sostibles.*

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que as propostas da moción lles xeran moitas dúbidas xa que a realidade do noso país e o avellentamento da poboación fan que o xornal en papel sexa aínda moi demandado por un sector importante da poboación, ao que engade o feito de que os bosques galegos deberán ser sustentables e en produción. Polo indicado reservan o sentido do seu voto para o Pleno.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, manifesta a reserva de voto do seu grupo de cara ao pleno.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, fai uso da palabra para indicar que como xornalista de profesión tamén lle custa aceptar algunhas das afirmacións e propostas de acordo da moción, xa que hai que ter presente ese sector da poboación que segue a preferir o papel ante as novas tecnoloxías, e que tamén se debe pensar nos postos de traballo que xera ese produto.

D. Antonio Fernández Martín, de Democracia Ourensana, intervén para matizar que evidentemente os bares ou negocios privados, ao igual que cada veciño na súa casa, pode optar polo formato que prefira, pero que a moción se refire exclusivamente aos xornais que adquire a Deputación Provincial.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e do BNG (2). a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. A Deputación Provincial de Ourense deixará de adquirir xornais en formato físico.

2. Propoñeráse a outros Concellos da provincia, considerar medidas similares que fomenten o consumo responsable de recursos e o uso de tecnoloxías máis sostibles.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta pola posibilidade da adhesión da Deputación á rede “Composta en red”, xa que considera que pode ser de interese.

O **Presidente** toma nota do rogo e o trasladará á Area de Augas e Medio ambiente.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pide que non se mesturen os contidos do que debería ser a web da Deputación Provincial de Ourense e a web do PP de Ourense, a propósito da asistencia do presidente a unha convocatoria en Madrid realizada pola Presidenta da FEMP, indicando que alí se acude como político e a título individual e non como institución.

O presidente contesta que el ten unha invitación da presidenta da FEMP como tal, e realizada ao presidente da Deputación Provincial de Ourense como tal, polo que entende que non ten razón, engadindo que se foi a facer unha reivindicación coincidente co aprobado no Pleno Provincial por unanimidade de todos os grupos.

Despois dun breve debate sobre a convocatoria recibida o presidente indica que en todo caso mandará retirar esa publicación da web provincial.

E, ás 16.57 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.